



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Viagalicia, considerada a maior aceleradora de iniciativa pública de España e na que participa a Xunta de Galicia xunto co Consorcio da Zona Franca de Vigo e Vigo Activo, vén de seleccionar aos **18 proxectos de emprendemento innovador** que participarán na Fase de Aceleración da que xa é a súa IV edición.

Estes 18 proxectos, seleccionados de entre os 43 participantes na Fase de Academia nas sedes de Lugo e Vigo, **recibirán un financiamento total de 2.275.000 euros** en préstamos participativos das sociedades de capital-risco XesGalicia e Vigo Activo e achegas a fondo perdido concedidas pola **Axencia Galega de Innovación**. Ademais, os seleccionados recibirán consultaría e acompañamento individualizado durante seis meses para potenciar o éxito das novas empresas incluíndose, nesta edición, un programa de aceleración específico na Industria 4.0 para aqueles que o requiran.

O comité técnico de ViaGalicia seleccionou proxectos de emprendemento innovador pertencentes a moi diferentes sectores:

- Proxectos de empresas científico-tecnolóxicas ou baseados nas novas TIC como: **Science Developments (S4Sd)**, que desenvolve un software dirixido a acelerar procesos de descubrimento de novas moléculas; **Boardfy**, solución para comparar prezos nas plataformas de e-commerce; **3DClick**, plataforma na nube que permite crear, animar e compartir presentacións interactivas en 3D; **Filament2Print**, especializados na venda de materiais para impresión 3D; **DECOen4pasos**, que nos achega unha nova ferramenta online de interiorismo; e **MrBroc**, con produtos de deseño a partir dos debuxos dos nenos.
- Negocios diferentes dentro do sector téxtil, que incorporan innovación nos deseños, no concepto e experiencia de venda ou nos tecidos ecolóxicos empregados, como **Thunderslove**, **Idawen** e **Alazia Couture**.

- Emprendedores que ofrecen novos servizos para a sociedade do futuro como: **Atlanteat**, plataforma de venda de produtos de orixe e kits preparados para amantes da boa cociña; **Send2me**, que busca resolver a problemática das entregas no comercio electrónico; **Paus**, que achega deseño e seguridade ás nosas webcams; **Conforta**, un novo modelo para a compra, rehabilitación e explotación turística de inmobles nos cascos históricos; **Help-Flash**, unha solución para a mellora da nosa seguridade en estrada; e **Tolemias**, plataforma dixital de produción e distribución de contidos musicais en directo.
- E por último, como novidade na presente edición, participarán tres proxectos específicos do sector aeroespacial: **Aistech Space**, que xerará información de valor captando datos a través dunha constelación de nanosatélites; **Alén Space**, que ofrecerá servizos de probas no espazo de maneira estándar, fiable e eficiente; e **3Edata Ingeniería Ambiental**, empresa de base tecnolóxica que ofrece servizos de análise de información territorial obtida mediante avións pilotados de forma remota.

Cómpre destacar a calidade xeral de todos os proxectos participantes na fase de academia, que seguirán contando co apoio da Xunta de Galicia e da Axencia Galega de Innovación para a consolidación de negocios innovadores na nosa comunidade.

Pode consultarse o listado dos proxectos seleccionados no seguinte enlace: **[PROXECTOS ACELERADORA VIAGALICIA 4ª EDICIÓN](#)**

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.